Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo se desprende da consulta do rexistro de convenios da Xunta, entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2020 a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Urbanismo asinou 28 convenios con concellos para a realización de “obras en materia de urbanismo”. A Consellaría de Medio Ambiente asignou a estes convenios a cantidade de 2.418.022 euros.

Da consulta dos citados convenios e dos concellos beneficiarios dedúcese unha case absoluta coincidencia con entidades locais gobernadas polo PP. Trátase dunha práctica que se repite ano tras ano e que pon de manifesto a arbitrariedade e o partidismo na asignación de fondos públicos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que criterios utiliza a Consellaría de Medio Ambiente para a escolla dos concellos beneficiarios dos convenios de obras en materia de urbanismo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como é o procedemento seguido para a escolla dos convenios e das obras a financiar?

. Cal é a explicación de que o 95% dos convenios beneficien a concellos gobernados polo PP?

. Que cantidades distribuíu a Consellaría de Medio Ambiente nos 5 últimos anos por medio de convenios para financiar obras en materia de urbanismo e que cantidade total foi destinada a concellos gobernados polo PP?

. Ten previsto a Xunta iniciar a tramitación dunha lei de facendas locais que regule a asignación transparente e equitativa das transferencias da Xunta ás entidades locais?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:11:52





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/01/2022 14:11:57

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:12:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 14 de abril fíxose público na edición dixital de www.eldiario.es/galicia un informe interno de ENCE que alerta sobre verteduras de mercurio á ría procedentes dos labores de desmantelamento e descontaminación das instalacións de ELNOSA.

Segundo se deduce da citada información xornalística este escrito foi remitido á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda competente para o outorgamento da AAI e en materia de solos contaminados. Nel faise referencia a outros anteriores, do 9/10/2019 e 14/10/2020, así como aos informes, investigacións, mostraxes, sondaxes e análises cuantitativas de riscos (ACR) elaborados pola empresa “Tecnoambiente”, que foron postos en coñecemento da citada Dirección Xeral e nos que se detectou a superación dos valores de mercurio establecidos no Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos potencialmente contaminados e que afectan ás augas subterráneas dos terreos ocupados mediante concesión por “ENCE Energía y Celulosa”, con potencial perigo para o persoal da fábrica e, por extensión, ás augas da ría e á veciñanza da zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A empresa ENCE responsabiliza da referida contaminación aos labores de desmantelamento e descontaminación das instalacións de ELNOSA e critica que na autorización concedida non se tivesen en conta os riscos para o solo, subsolo e augas subterráneas da concesión de ENCE e para os seus traballadores: “(...) no se hayan adoptado medidas de contención de la contaminación para evitar la afección al suelo conlindante a la actividad y a las augas subterráneas en una zona con influencia mareal y de alta pluviosidad que plantea como razonable la posibilidad de que se produzcan lixiviados”. Tamén se fai referencia a un informe do 11/02/2021 segundo o cal “los resultados obtenidos de mercurio en las aguas subterráneas son cada vez más elevados y muy dispares de un muestreo a otro desde que se iniciaron las obras de desmantelamiento y descontaminación de ELNOSA”.

Malia á gravidade destes feitos e dos datos da contaminación por mercurio, dos que a consellaría de medio ambiente ten coñecemento cando menos desde outubro de 2020, resulta altamente preocupante a opacidade con que actuaron tanto a empresas ELNOSA e ENCE como a ocultación da información por parte da consellaría de medio ambiente, xa que esta non se fixo chegar nin ao concello de Pontevedra nin á opinión publica

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Por que razón a Consellaría de Medio Ambiente non informou aos concellos e á opinión pública sobre os elevados niveis de contaminación por mercurio detectados na contorna do complexo industrial de ENCE e Elnosa en Lourizán?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto a Xunta dar resposta á alarma social provocada polas informacións sobre a contaminación por mercurio dos terreos de ELNOSA e ENCE e informar á opinión pública e aos concellos sobre os datos de contaminación e os potenciais riscos para a saúde e o medio?

- Os informes, mostraxes, sondaxes e análises cuantitativas de riscos elaboradas como consecuencia dos traballos de descontaminación e desmantelamento da fábrica de cloro en Lourizán superaron os valores establecidos no Decreto que regula os solos potencialmente contaminados?

- Ten previsto o goberno galego elaborar un plan de vixilancia e control do solo e das augas superficiais e subterráneas do complexo industrial de ENCE e ELNOSA en Lourizán?

- Que medidas ten previsto desenvolver o goberno galego para protexer a poboación, o persoal da fábrica de ENCE, as augas superficiais e subterráneas, as augas da ría e os bancos marisqueiros?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Luis Bará Torres

Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 14:13:34

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:13:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres , Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 21 de abril tivo lugar en Madrid unha reunión sobre a permanencia/traslado de ENCE da ría de Pontevedra, na que participou o Ministerio de Transición Ecolóxica. A Xunta de Galiza, o concello de Pontevedra, a empresa ENCE, os comités de empresa da pasteira e representantes do sector forestal.

O obxectivo da xuntanza era estudar os escenarios e os calendarios en relación con unha hipotética saída de ENCE da ría de Pontevedra, en previsión dunha próxima sentenza da Audiencia Nacional e tendo en conta tamén outros factores ambientais, urbanísticos, de ordenación do territorio, de seguridade e de saúde pública que aconsellan a busca dunha nova ubicación que faga posíbel tanto o desenvolvemento urbano como a recuperación do litoral e da ría de Pontevedra.

Unha das conclusións desta xuntanza é que a saída de ENCE é unha posibilidade que debe ser tida en conta, e que tanto a empresa como as administracións deben explorar as posibilidades e as oportunidades para facela realidade. E a Xunta de Galiza, como administración con competencias en materia de ordenación do territorio, urbanismo, planificación de áreas empresariais, emprego, desenvolvemento industrial e protección do medio ambiente é quen debería impulsar, coordinar e liderar o estudo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alternativas de emprazamento e as negociacións para a construción dunha nova factoría que permita pechar o ciclo produtivo e xerar novos postos de traballo.

O estudo destas alternativas debe ser compatíbel co desenvolvemento dun novo modelo forestal, baseado na biodiversidade e non no monocultivo, e dunha nova política para o monte que aposte decididamente pola multifuncionalidade e pola potenciación dos seus valores ambientais, sociais e produtivos.

Estamos diante dunha grande oportunidade de futuro: en primeiro lugar para acordar as grandes liñas da política ambiental e para o monte, que representa dous terzos do territorio galego; en segundo lugar para garantir a protección e a recuperación da ría de Pontevedra, tal como está regulado nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral; en terceiro termo, para xerar máis e mellores postos de traballo tanto na actividade da industria forestal como no aproveitamento pesqueiro e marisqueiro da ría de Pontevedra; e, por último, para preservar a saúde e garantir un desenvolvemento urbano máis integrador e harmónico entre as cidades de Pontevedra e Marín.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Está de acordo o goberno galego co actual emprazamento de ENCE na ría de Pontevedra?

- Considera o goberno galego que a ubicación de ENCE en terreos de dominio público marítimo terrestre e nas proximidades de núcleos urbanos é acorde cos tempos actuais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta que a defensa da actual ubicación é compatíbel co establecido nas DOT e no POL?

- Considera a Xunta como unha posibilidade o peche do complexo industrial de ENCE en Lourizán e a construción dunha nova factoría que inclúa o peche do ciclo produtivo?

- Como vai exercer o goberno galego as súas competencias en materia de ordenación do territorio, desenvolvemento industrial, emprego e protección do medio ambiente para estudar as alternativas para a saída de ENCE da ría de Pontevedra?

- Ten previsto o goberno galego poñerse á fronte das negociacións sobre as posibilidades e oportunidades do traslado de ENCE do seu actual emprazamento en Lourizán?

- Considera a Xunta que a saída de ENCE da ría e a construción dunha nova factoría pode ter efectos positivos no emprego e no medio, coa reactivación do aproveitamento pesqueiro marisqueiro, a recuperación dos terreos gañados ao mar, e o peche do ciclo e diversificación produtiva da fábrica?

- Pensa o goberno galego que esta operación debería ser tamén unha oportunidade para acordar as grandes liñas dunha nova política forestal e para o monte?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:15:03

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 14:15:06

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:15:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o rexeitamento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53.

Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías autonómicas con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que xestións realizou o goberno galego diante do goberno central a respecto do anuncio do establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal?

. Que medidas propón a Xunta de Galiza para reducir o custo das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica e estatal?

. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para a supresión das peaxes nas autovías autonómicas?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Apoia o goberno galego a transferencia da AP9 e o rescate da concesión, como acontece noutras autoestradas que se construíron na mesma época?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:19:51

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 14:19:54

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:20:00





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre o desenvolvemento da lei de protección dos ríos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2006 o parlamento aprobou a proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a protección, a conservación e mellora dos ríos galegos, o que deu lugar á publicación e entrada en vigor da lei o 18 de xullo de 2006.

Cando van camiño de cumprirse 15 anos de aprobación da lei, a realidade é que non se chegaron a desenvolver as súas propostas máis novidasas, especialmente as relacionadas coa aplicación e desenvolvemento da Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/UE). A lei prevé diferentes liñas de actuación relacionadas coa planificación hidrolóxica, a protección integral dos ecosistemas fluviais, a xestión do uso da auga, a participación cidadá ou a educación ambiental, que deben desenvolverse mediante plans de actuación e desenvolvemento normativo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que previsións ten a Xunta no relativo ao desenvolvemento e cumprimento da lei 5/2006?
- Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego en relación coa protección integral dos ecosistemas fluviais?
- Que previsións ten o goberno galego en relación coa xestión do uso da auga?
- Como prevé o goberno galego fomentar a participación cidadá nas políticas da auga?
- Cando ten previsto a Xunta crear o Consello para o Uso Sustentábel da Auga?
- Que actuacións ten previsto desenvolver en relación coa educación ambiental e a capacitación técnica do persoal da administración?
- Que previsións ten o goberno galego en relación coas reservas naturais fluviais?
- Que previsións ten a Xunta en relación coa revisión dos plans sectoriais que afectan aos recursos hídricos e aos cursos fluviais, e especificamente coa revisión do plans sectorial eólico?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:21:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/01/2022 14:21:32

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:21:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Luis Bará Torres,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo se recolle no informe “Revisión do mapa de ruído do concello de Vigo” elaborado polo concello de Vigo no ano 2018, o barrio de Navia soporta un dos maiores índices de contaminación por ruído de todo o concello. Dito informe sinala como principais fontes de contaminación acústica nesta área as estradas VI-30 e a VG-20. Ambas infraestruturas presentan velocidades límite superiores a 80 km/h e unha densidade de tráfico no entorno dos 1.000 vehículos/hora durante tramos diurnos e que no caso da VG-20 supera unha intensidade media de 15.000 vehículos diarios. Segundo os datos recollidos, o nivel de intensidade sonora recollido no entorno da VG-20 supera os 75 dBA en horario diurno e os 70dBA no horario nocturno. Son datos alarmantes que se sitúan por riba dos límites máximos establecidos na normativa que estipula un límite de 60 dBA na franxa diurna e 50dBA na nocturna. Polo tanto, os índices de contaminación acústica superan con moito os baremos estipulados e teñen consecuencias evidentes na saúde da poboación.

Ante esta elevada contaminación acústica os veciños e veciñas deste barrio levan anos reclamando medidas para paliar a contaminación acústica destas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infraestruturas, con especial atención ao soterramento da VG-20, unha medida sistematicamente desatendida por parte do Goberno competente.

A esta situación hai que engadirlle agora un novo desenvolvemento do Plan Parcial de San Paio de Navia, correspondente aos polígonos 1,2 e 3, que vai supor a urbanización dunha superficie de máis de 250.000 m². Segundo os anuncios da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, esta actuación vai comportar a construción de 1.600 novas vivendas. Resulta evidente que esta actuación vai supor un incremento dos índices de contaminación acústica nesta área.

Así o recolle a resolución emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o Informe de Impacto Ambiental do proxecto de urbanización dos polígonos 1, 2 e 3 do Plan Parcial de San Paio de Navia, emitida o pasado mes de xaneiro. No punto 3 de dita resolución sinala o potencial impacto que terían en termos de impacto acústico, tanto a fase de obra, como o futuro incremento de poboación residente e de usuarios dos equipamentos públicos. De acordo con isto o Informe de Impacto Ambiental recolle como condicionantes a necesidade de elaborar un estudo acústico previo á execución das obras e a proposta de medidas correctoras para garantir o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica en todo o ámbito do proxecto.

Dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos que o informe camiña na dirección correcta de tentar paliar a actual situación, pero as medidas recollidas neste informe resultan ambiguas e excesivamente flexibles. De forma que a súa aplicación corre o risco de derivar nunha actuación insuficiente para resolver o problema enunciado.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por unha banda o informe sinala a necesidade de elaborar un novo estudo acústico, mais sen especificar o ámbito de actuación. Neste sentido cómpre recordar que a Lei 21/2013 de avaliación ambiental, establece que debe considerarse a acumulación do impacto cos impactos existentes, de xeito que o impacto acústico das actuacións previstas non poden quedar restrinxidas e limitadas á área de actuación, senón que debe considerar o impacto que vai supor para os veciños da contorna.

Por outra banda o informe resulta excesivamente laxo á hora de esixir medidas correctoras, pois non establece prazos temporais concretos, de forma que podería darse a situación de que se inicien as obras, ou que rematen estas, sen que se teñan materializado ditas medidas, invalidando por tanto a función de protección ambiental deste procedemento.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- O estudo acústico actualizado esixido no Informe de Impacto Ambiental do proxecto de urbanización dos polígonos 1, 2 e 3 do Plan Parcial de San Paio de Navia, inclúe como ámbito de estudo o conxunto do Plan Parcial e por tanto aquelas áreas xa urbanizadas nas etapas I, II e III-A?

- Considera a Xunta de Galiza que o novo estudo acústico actualizado que solicita na AAI, deba incluír unha avaliación do impacto derivado do aumento da poboación residente, da súa afectación sobre a mobilidade do conxunto do ámbito, dos efectos sobre a utilización dos espazos públicos e dos equipamentos, ou da transformacións das volumetrías?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

·Que elementos concretos considera a Xunta de Galiza que deberan considerarse para avaliar a acumulación do impacto acústico no Plan Parcial de Navia?

·Vai garantir a Xunta que se avaliará a acumulación do impacto acústico das novas etapas a desenvolver sobre as xa executadas?

·Vai a Xunta de Galiza a solicitar a implantación de medidas correctoras do impacto acústico de forma previo ou de forma simultánea ao inicio das obras?

·Vai a Xunta de Galiza a establecer un límite de dBA máximo que condicione o desenvolvemento da urbanización?

·Cal é o límite máximo de emisións acústicas que deben acadar as medidas correctoras segundo a Xunta de Galiza?

·Cales son as medidas protectoras que se porán en marcha ao inicio da obra para paliar os ruídos producidos polas obras?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:22:58

María do Carme González Iglesias na data 17/01/2022 14:23:02

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:23:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza adxudicou entre 2005 e 2021 45 contratos relativos a estudos e plans de conservación e recuperación de especies ameazadas, cun investimento de máis de 566.000 euros. Deses 45 contratos, 25 foron licitados no período 2005-2009 e 16 na etapa 2009-2021. Nalgún caso, adxudicouse en dúas ocasións o estudo para coñecer o estado de poboacións de aves de rapina ameazadas, polo tempo transcorrido desde o primeiro sen que se tomase ningunha medida ao respecto.

Segundo fixo público a asociación ADEGA, que tivo acceso á información dos plans despois de todo tipo de atrancos por parte da consellaría de medio ambiente, a empresa Greenalia tivo acceso á documentación de plans de conservación e recuperación de especies, aínda que estes non foron publicados no DOG nin eran de acceso público. Na memoria do documento de inicio do parque eólico Cerqueiral (concellos de Cabana, Coristanco e Santa Comba), a empresa fai referencia ao Plan integral de recuperación da *Centaurea ultrainae*, planta endémica en perigo de extinción, e ao Plan integral de conservación da tartaraña cincenta e da gatafornela, dúas aves en situación de vulnerabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos diante dun caso grave de manexo de información privilexiada por parte dunha empresa privada, o que debe dar lugar ás correspondentes explicacións e depuración de responsabilidades.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Por que razón a empresa Greenalia tivo acceso a información sobre o contido dos plans de recuperación e conservación de especies ameazadas que non eran de coñecemento e acceso público?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para investigar este caso de información privilexiada e depurar as responsabilidades que se deriven de feitos tan graves?

. Teñen relación estes feitos coa fichaxe por Greenalia da exconselleira de Medio Ambiente Beatriz Mato?

. Por que motivo o goberno galego non utilizou os 45 estudos e plans contratados entre 2005 e 2021 sobre especies ameazadas?

. Por que razón a Xunta só aprobou tres plans de conservación ou recuperación de especies ameazadas das 201 que figuran na listaxe?

. Considera o Goberno galego que está xustificada esta actitude de desleixo, en deixación de funcións en materia de conservación da biodiversidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:24:06

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 14:24:10

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:24:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a orixe e o tratamento das verteduras detectadas na Ría de Vigo o pasado 26 de maio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na tarde do pasado 26 de maio veciños de distintos puntos da Ría de Vigo deron aviso ao avistarse na zona do estreito de Rande unha gran mancha no mar. Polas informacións recollidas, esta mancha ocupaba uns 100 metros cadrados de superficie e tiña unha aparencia de masa viscosa marrón que desprendía un forte fedor a peixe podre, polo que con toda probabilidade a vertedura de orixe industrial provén dalgunha das empresas da contorna que operan con esta materia prima.

Ao lugar dos feitos desprazouse un barco de Gardacostas da Xunta que, para sorpresa da veciñanza, dedicouse a facer pasadas ao longo e ancho da superficie afectada. Posteriormente incorporouse unha embarcación de Salvamento Marítimo que se sumou a esta manobra. De xeito que ámbalas dúas embarcacións estiveron operando varias horas espaxando a substancia fedorenta e aceitosa por toda a contorna sen que aparentemente se realizase ningún tipo de tratamento ou retirada de residuos do mar. Finalmente parte destes residuos chegaron á beiramar tanto do concello de Redondela como do de Moaña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sabemos tamén que foron recollidas varias mostras para analizar e investigar a composición dos residuos e certificar a procedencia das verteduras. Este novo episodio de verteduras na zona súmase a un longo historial que esixe de actuacións contundentes e eficaces, que poñan fin a unha situación sistemática e reiterada.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- . En que momento foi coñecedora a Xunta de Galiza da vertedura?
- . Que medidas e actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza para o control e tratamento da vertedura?
- . Con que criterios actuou a Xunta de Galiza para intervir sobre a vertedura?
- . Considera a Xunta de Galiza que a actuación por parte das embarcacións mobilizadas ao lugar dos feitos foi a correcta?
- . Cal é a composición da vertedura detectada?
- . Cal é o lugar de procedencia da vertedura?
- . Que medidas vai desenvolver a Xunta de Galiza para sancionar e depurar responsabilidades polas verteduras detectadas?
- . Considera a Xunta de Galiza que existe unha relación entre a aparición desta mancha e a empresa AUCOSA?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:28:14

María do Carme González Iglesias na data 17/01/2022 14:28:17

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:28:24

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 14:28:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Alexandra Fernández Gómez e María González Albert, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pazo de Lourizán e os xardíns que o rodea constitúen un espazo histórico, artístico, botánico e ambiental de excepcional valía. O predio de Lourizán, cunha extensión de 52 hectáreas, está integrado polo Pazo, os xardíns, a finca e edificios educativos e de investigacións. Conta cun arboreto de grande interese desde o punto botánico, con varios árbores catalogados. O edificio principal, obra de Jenaro de la Fuente, está catalogado e conta con protección patrimonial.

O conxunto foi adquirido pola Deputación no ano 1940 e logo de diversas vicisitudes e usos foi cedido no ano 1991 á Xunta, que creou nesta finca o Centro de Investigacións Forestais de Lourián, adscrito á Consellaría de Medio Rural desde 2009 (anteriormente estivo adscrito á Consellaría de Medio Ambiente, coa denominación de Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, CIFA).

Actualmente o edificio do Pazo está nunha situación de absoluto abandono, e sofre un deterioro que mesmo pon en risco a estabilidade do edificio. No ano 2017, o Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial realizou un informe sobre o estado do inmovible no que se informaba sobre o risco de desplome da cuberta, o estado precario





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

da galería, mal estado das carpintarías, humidais, invasión de vexetación, etc. Ademais, alertaba do riscos importantes na seguridade eléctrica con perigo de cortocircuitos.

O informe tamén facía unha proposta de actuacións urxentes de conservación e incluía unha estimación económica das obras de rehabilitación e conservación que estimaba daquela en 14 millóns de euros.

Os convenio asinados nos anos 1991 e 2000 establecían un período de cesión de 30 anos, que rematou o pasado mes de xaneiro de 2021, se ben se aplicou a cláusula que prevía unha prórroga por 1 ano. Por outra parte, a situación está pendente dun recurso contencioso administrativo, logo de que fose aprobada a presentación do mesmo no pleno da Deputación en xullo de 2019 polo incumprimento reiterado pola Xunta da obriga de “efectuar as obras de conservación necesarias para o mantemento da zona nobre do conxunto, respectando o seu carácter artístico e monumental” parte da Xunta de Galiza.

Esta situación de abandono e deterioro non se pode seguir mantendo no tempo, tanto por razóns de seguridade, de garantía de integridade do edificio, de protección patrimonial, de estética e de exemplaridade das administracións públicas. E ademais dos danos e dos riscos derivados desta situación, estase privando a comarca de Pontevedra dun ben que podería ser, xunto cos xardíns, un importante elemento de dinamización turística, científica e ambiental.

En lugar de levar a cabo un proxecto propio para a recuperación rehabilitación e posta en valor deste conxunto, o goberno galego intentou a súa privatización mediante a cesión a ENCE, nunha clara operación de deixación de funcións e de branqueo da pasteira. En todo caso, nin o investimento previsto nin o proxecto anunciado eran acordos coa historia, situación, co significado e coa proxección conxunto, que ao entender do BNG debe ter unha xestión pública e unha vocación ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que a Xunta incumpriu as obrigas do convenio asinado coa Deputación en relación co Pazo de Lourizán?

Que ten previsto facer a Xunta de Galiza para garantir a conservación e mantemento do Pazo de Lourizán?

Cal é o estado actual do edificio e que riscos existen relacionados co estado de abandono en que se encontra?

Considera o goberno galego que a actual situación do edificio dá unha boa imaxe de Galiza e da consellaría?

Que previsións de futuro ten a Xunta para o Pazo de Lourizán?

Considera o goberno de interese levar a cabo unha rehabilitación integral do edificio e darlle un uso relacionado coa investigación, educación e divulgación ambiental e nomeadamente coa biodiversidade, a sustentabilidade e multifuncionalidade do monte?

Abriu ou vai abrir a Xunta unha negociación coa Deputación para a transferencia da finca, para a ampliación da duración do convenio ou para a sinatura dun novo convenio?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 17/01/2022 14:29:54

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:30:05

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 14:30:14

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:30:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de elaborar un plan integral de renovación da rede de saneamento do polígono empresarial de Bergondo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O polígono de Bergondo (A Coruña) acolle nesta altura 330 empresas en que traballa de forma moi maioritaria a veciñanza das comarcas das Mariñas, da Coruña e de Ferrol, converténdose nun moi importante motor económico do municipio.

Unha superficie empresarial que está ocupada na súa totalidade e para o que se vén reclamando dun tempo a esta parte a necesidade da súa ampliación para dar resposta á demanda.

Unha actividade empresarial de altura que se vén desenvolvendo desde hai 30 anos, que non se corresponde coa situación de abandono que vén sendo denunciado desde hai tempo que pode poñer en risco pequenas empresas e postos de traballo neste polígono.

Desde a comunidade de propietarios do polígono de Bergondo trasládannos as súas necesidades, ben coñecidas pola administración local e difundidas a través dos medios de comunicación, derivadas dos problemas de saneamento e depuración que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están provocando, cada vez con máis frecuencia, inundacións nas naves e importantes perdas materiais e económicas.

Actualmente a rede de saneamento de pluviais e fecais que recolle as augas do polígono, mais tamén da conca, é unitaria. A depuradora só se executou na súa primeira fase das tres inicialmente previstas, o que xustifica a súa incapacidade para canalizar o volume de auga en días de choivas intensas e/ou continuadas. Esta capacidade insuficiente provoca o desbordamento das augas que se encamiñan directamente ao río de Sada, coa consecuente degradación medioambiental que se xenera río abaixo en profundidade.

Esta situación, que compromete unha oferta empresarial de calidade, persiste a diario, independentemente das condicións metereolóxicas, véndose ademais acrecentada debido ao deterioro da rede de abastecemento que presenta deficiencias persistentes, derivadas de continuas avarías e rotura de canalizacións.

É por iso que se está a demandar ao concello un plan de actuación integral que modernice a rede de abastecemento que permita a curto, medio e longo prazo un mantemento correcto e a reposición gradual das infraestruturas.

Esta rede de abastecemento, xunto coa anteriormente amentada de saneamento urxen ser resoltas, pois afectan a servizos básicos imprescindíbeis para o desenvolvemento da actividade normal das empresas, como garantía de resposta ao elevado potencial laboral e económico deste polígono referencial.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. É coñecedora a Xunta das deficiencias continuadas da rede de saneamento do polígono empresarial de Bergondo?

. Que opinión lle merece ao goberno galego a afectación tan negativa que provocan as continuas avarías na canalización con perdas de millóns de litros de auga, así como os continuos asolagamentos os días de choiva cos consecuentes prexuizos para os propietarios das naves, xa que obrigan á súa parálise temporal?

. Ten contactado coa Xunta de Galiza o concello para valorar a participación coordinada na mellora da rede de saneamento do polígono?

. Está disposta a Xunta a coordinar co concello un plan integral de renovación da rede de saneamento do polígono industrial de Bergondo que poña fin a esta demanda do empresariado afectado?

. En que prazo se compromete a Xunta a iniciar esta necesaria mesa de diálogo?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:31:37

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 14:31:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar de Obra de Paño, na parroquia de Lubre, concello de Bergondo, está en tramite dende 2019 a implantación dunha planta fixa de xestión de residuos de construción e demolición, promovida pola empresa Celso Núñez S.L. que non figura no Rexistro de xestores e produtores de residuos de Galicia.

O Concello de Bergondo, veciñanza da zona, a Asociación Profesional de Recicladores de Resíduos de Construción e Demolición de Galicia (Arcodega) e o BNG teñen cuestionado o lugar escollido debido ás molestias que pode provocar ás persoas residentes na zona pola súa cercanía ás vivendas (alto nivel de ruído continuo, gran cantidade de partículas de po ...) e os efectos negativos que pode ter en canto ao medio ambiente, máxime cando na comarca hai varios polígonos industriais con parcelas baleiras que poderían acoller este tipo de instalacións en mellores condicións e sen causar molestias.

Así mesmo, a propia asociación profesional de recicladores cuestiona a súa necesidade debido a que a área da Coruña conta co maior número de empresas de tratamento de residuos deste tipo de toda Galiza.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A parcela na que a empresa prevé implantar esta planta está recollida no Plan de Ordenación do Litoral (POL) como un corredor ecolóxico, moi preto do río Maior, polo que ante un posible vertido, este podería contaminar a ría de Betanzos a través da súa desembocadura nas praias do núcleo urbano de Sada, ou pozos particulares de parcelas colindantes utilizados para consumo doméstico ou de animais. Así mesmo, esta previsto recoller as augas fecais e pluviais todas xuntas no mesmo depósito, aumentando así o perigo de desbordamento, que o propio proxecto reconece, polo que sería difícil de detectar con rapidez. Cabe recordar tamén que Bergondo fai parte da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

O proxecto non prevé ningunha medida correctora para evitar posibles vertidos ou derrames de ningún tipo, a pesar de que, por un lado, poden manipularse residuos ou substancias perigosas que chegan mesturadas e son baleiradas directamente no chan sen saber exactamente que é o que reciben en cada transporte até a súa selección, xa que non indican se a recollida a fará a propia empresa ou recibirá tamén doutras, e, por outro, a utilización de maquinaria pesada ou a construción de depósitos de combustíbeis e outras substancias que poden derramar ou verter. Tampouco prevé ningunha medida diante da clasificación dos residuos que conteñan substancias perigosas, fora da súa clasificación visual e manual.

Por outra parte, a zona non conta con rede de saneamento municipal, algo que se obvia no proxecto presentado. Augas de Galiza ten dado o seu visto e praxe sen comprobar este aspecto, polo que é evidente que non se pode facer uso dun servizo que non está operativo e descoñécese cando o poderá estar, toda vez que aínda se atopa en tramitación o proxecto para levalo a cabo.

O proxecto presentado non deixa claro que tipo de residuos se pretenden tratar; en principio serían industriais non perigosos de industrias da zona pero non indica de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cales; noutro apartado falan de residuos de construción e demolición, non industriais, polo que non queda claro que pretenden tratar. Incluso se recoñece que ocasionalmente poden recoller residuos indebidos, algo de extrema gravidade que vai en contra da lexislación de trazabilidade e control de residuos, mesmo a nivel europeo.

Tampouco especifica que tipo de tratamento se lle vai dar aos materiais que conteñan amianto, material altamente perigoso para o medio e para a saúde das persoas, ou como van tratar os materiais que non poden ser valorizados, salvo entregalos a un xestor final sen indicar a cales.

Esta solicitude está provocando queixas e descontento entre a veciñanza da parroquia afectada e múltiples alegacións a este proxecto.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Como pensa actuar o goberno con respecto á solicitude de instalación da planta de residuos na Obra de Paño no concello de Bergondo?

. Ten o goberno galego coñecemento das queixas veciñais, da oposición dos grupos políticos e diferentes colectivos a este proxecto?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 14:32:36

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:32:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as irregularidades e mal funcionamento do complexo de SOGAMA en Cerceda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo parlamentar do BNG tivo acceso a informacións relativas ao mal funcionamento do complexo de incineración e vertido de SOGAMA, que segundo algunhas fontes está relacionado con unha avaría na planta de incineración.

Esta situación está provocando unha situación de caos e colapso na planta de recepción e clasificación de residuos, polo que unha grande parte están sendo derivados directamente ao vertedoiro de Areosa. Tamén se estivo producindo un atasco na recepción dos camións de transporte, con esperas de máis de 8 horas para descargar.

Polo que respecta ás instalacións do vertedoiro existen denuncias do comité da empresa de transporte que alertan sobre as condicións de traballo pola falta de iluminación cando se traballa de noite e pola inestabilidade do terreo, entre outras situacións de risco.

Por outra parte, dos datos da planta de compostaxe de Areosa, que foi vendida a bombo e prato no seu día pola consellaría, son ridículos e raquíticos en canto á entrada de biorresiduos e nulos en canto á produción de compost.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro capítulo de irregularidades ten que ver cos contratos das plantas empacadoras e do transporte, con denuncias que alertan sobre a sobrecarga dos camións e as relacións directas entre as empresas adxudicatarias dos respectivos contratos (GESECO no caso dunha parte importante das plantas de transferencia e COPASA no caso do transporte).

Por último. Cabe sinalar a situación de monopolio que se dá en catro grandes contratos do complexo de Cerceda (Planta de incineración, Planta de clasificación, Vertedoiro de Areosa, Plan de Compostaxe de Areosa), todos xestionados polo grupo Valtalia a través de diferentes empresas. Este mesmo grupo ten unha posición dominante na xestión de residuos que saen de Cerceda para a reciclaxe, e ten tamén conexións con unha das empresas que conforma a UTE adxudicataria do contrato de transporte.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que problemas se están a producir no funcionamento da planta de incineración e na planta de clasificación de SOGAMA en Cerceda?

. Por que razón se produciron esperas de ate 8 horas na descarga dos camións de transporte?

. Por que razón se deriva directamente ao vertedoiro de Areosa unha boa parte dos residuos que chegan a Cerceda?

. Que medidas ten previsto adoptar SOGAMA para garantir a seguridade na planta de recepción de residuos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas ten previsto adoptar SOGAMA para garantir a seguridade no vertedoiro de Areosa?

. Que previsións ten SOGAMA para cumprir os obxectivos anunciados na planta de compostaxe de Areosa?

. Que medidas ten previsto adoptar SOGAMA en relación coas irregularidades denunciadas nos contratos das plantas de transferencia e de transporte?

. Como valora SOGAMA a posición de dominio e case monopolio que se dá nos contratos das instalacións de Cerceda?

. Existen solapamentos entre estes contratos no sentido de que existe persoal técnico que comparte traballo nas distintas instalacións?

. Como valora a Xunta os resultados do sistema SOGAMA e o incumprimento de Galiza dos obxectivos de reciclaxe para 2020?

. Por que a Xunta teima en apostar como solución dominante por sistemas finalistas e non circulares (incineración e vertedoiro) no tratamento dos residuos?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:35:10

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 14:35:14

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:35:22

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 14:35:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a valoración da Xunta da sentenza que anula a primeira fase da cidade deportiva do Celta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través do Concello de Mos e da Xunta, o Partido Popular leva catro anos amparando e facilitando o pelotazo urbanístico que pretende facer a sociedade anónima deportiva Real Club Celta coa Cidade Deportiva privada do clube que integraría un centro comercial. Este macroproxecto pretende arrasar case 1 millón de metros cadrados de solo rústico, grande parte de uso forestal con instrumentos de ordenación aprobados.

Esta operación ten por obxectivo obter unha ganancia rápida e fácil grazas á construción dunha cidade deportiva privada ao que iría asociado tamén unha superficie comercial de 142.000 m² e todo sobre solo rústico expropiado a prezo barato. A propia empresa reconece que este centro comercial é unha peza fundamental da rendibilidade desta operación. Unha operación altamente lucrativa a costa da perda de solo mancomunal e dos valores ambientais do monte.

Para sacar adiante este auténtico pelotazo, o propietario do Real Club Celta, o empresario Carlos Mouriño, contou en primeira instancia co apoio do Concello de Mos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobernado polo PP, quen iniciou os trámites para a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Así, en decembro de 2017 o Concello de Mos acorda co Celta o procedemento e os pasos para sacar adiante o proxecto. Un mes despois o Concello envía escrito á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para iniciar o procedemento ambiental estratéxico da Modificación do Plan Xeral de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios.

En 2018 a Xunta resolve esta petición mediante un informe que incluían numerosas obxeccións a este proxecto por parte de numerosos organismos: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Instituto de Estudos do Territorio, Concello de Vigo, Confederación Hidrográfica Miño-Sil ou Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Todos estes evidencian a importante incidencia sobre o territorio que comportaría esta actuación en numerosos planos: no medio ambiental, nomeadamente a nivel dos solos, a auga ou a paisaxe, sobre os usos e actividades locais, especialmente no comercio, ou sobre a ordenación das infraestruturas..

O rexeitamento da veciñanza e todas estas alertas sobre o impacto do proxecto no seu conxunto deberan supor un cuestionamento a este proxecto. Pola contra empresa, Concello e Xunta buscaron como subterfuxio a fragmentación do macroproxecto en diversas fases. A primeira destas fases consistiu na construción dos vestiarios e edificacións auxiliares e dos primeiros campos de fútbol mediante dúas licenza municipal directa. A seguinte fase (na que se atopa actualmente) requiriu da colaboración da Xunta para aprobar un Plan Especial de Infraestruturas e Dotación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mediante tramitación simplificada que evitase avaliar en profundidade os impactos ambientais.

Esta fragmentación fíxose co obxectivo claro de axilizar o inicio das obras e facilitar o asentamento e inicio da actividade deportiva, a pesar de seguir sen contar aínda coas licenzas para a totalidade do complexo. De forma que en lugar de agardar a someter a totalidade do proxecto a avaliación ambiental estratéxica, procurouse un *modus operandi* consistente en ir construíndo e ocupando solo grazas a licenzas fragmentadas e tramitacións exprés de Concello e Xunta, xerando así unha dinámica coercitiva.

As obras correspondentes á primeira fase foron xa concluídas grazas á colaboración das Administracións Públicas. Esta fase, en concreto, contou coa implicación do Concello de Mos outorgando a licenza municipal directa para a tramitación exprés, mais tamén co beneplácito e complicidade da Xunta de Galiza e incluso co apoio e aval persoal do Presidente da Xunta, como así o demostra o seu longo historial de actos e declaracións a este respecto. Un claro exemplo foi a participación do sr. Feijóo o pasado 28 de novembro na inauguración desta primeira fase do complexo deportivo privado, aínda cando este non conta cos permisos necesarios para a totalidade do proxecto urbanístico.

Esta fragmentación fraudulenta da totalidade do proxecto é precisamente un dos elementos fundamentais sobre os que ven de pronunciarse esta mesma semana o xulgado do Contencioso-Administrativo. A sentenza, que xira sobre esta primeira fase, considera que as obras son parte dun conxunto que opera como un todo, é dicir, que as obras inauguradas nesta primeira fase non podían ser fragmentadas da totalidade do proxecto. Segundo a xuíza, a entidade desa unidade resulta cualificable como “equipamento deportivo privado” a instalar en chan rústico. Polo tanto, en aplicación da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativa vixente, non era posible que aos vestiarios se lle outorgase licenza directa do Concello senón que era necesario tramitalo mediante o Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas. Iso supón o incumprimento da Lei do Solo de Galicia.

Esta sentenza ven dar a razón á veciñanza ao tempo que supón un auténtico varapau para o PP. Vista a implicación e aval directo do presidente da Xunta de Galiza en toda esta operación, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a sentenza do Contencioso-Administrativo?

. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza á vista desta sentenza?

. Cree a Xunta de Galiza que se produciu unha fragmentación fraudulenta do proxecto da Cidade Deportiva do Celta?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a autorización dada polo Concello de Mos para facilitar a construción desta primeira fase?

. Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre unha posible legalización a posteriori das obras realizadas?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre os impactos que comportaría o conxunto do proxecto da cidade deportiva?

. Baixo que criterio foi o presidente da Xunta a inaugurar as obras da primeira fase da Cidade Deportiva do Celta?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:36:28

María do Carme González Iglesias na data 17/01/2022 14:36:36

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:36:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas está a tramitar o proxecto de reforma parcial da PO 308 entre A Fontela e Combarro, obra integrada nunha serie de actuacións de reforma por fases desde vial que conecta Pontevedra e O Grove pasando por Poio e Sanxenxo.

Recentemente tivemos coñecemento da resposta da AGI á asociación veciñal, cultural e recreativa de Combarro na que se comunica que se desbota a proposta de construción dunha rotonda na intersección da PO 308 co Camiño Real e Baixada á Chousa.

A construción desta rotonda é unha demanda unánime compartida pola veciñanza e apoiada de xeito unánime pola corporación municipal de Poio, que refrendou así a proposta de alegacións para a mellora do proxecto de reforma da PO 308 entre A Fontela e Combarro.

Nestas alegacións municipais faise constar que o deseño actual deste treito da PO 308 “é insuficiente, configurando un dos puntos máis conflictivos de toda a PO 308,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complicado pola grande cantidade de peóns que conflúen na contorna con grande perigo da súa integridade”.

Este punto do PO 308, situado en pleno casco urbano de Combarro, é unha intersección moi transitada porque nela sitúase o vial de acceso ao casco histórico de Combarro. A elevada intensidade do tráfico, multiplicado na época estival, fai que o xiro se faga con moita dificultade, o que leva aparelada tamén unha alta sinistralidade.

Desde o BNG consideramos que a travesía da PO 308 á altura de Combarro debería ser obxecto dunha actuación integral de urbanización, de xeito semellante ás que se realizou na rúa do Progreso na veciña vila de Sanxenxo.

Por parte da Xunta de Galiza optouse por unha reforma parcial e non integral, mais sería un erro grave non incluír neste proxecto a reforma da intersección citada, mediante a construción dunha rotonda que mellore a mobilidade tanto peonil como motorizada.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Considera a Xunta necesario construír unha rotonda na intersección da PO 308 coa rúa do Camiño Real e a Baixada á Chousa en Combarro?

. Vai ter en conta o Goberno galego as demandas da veciñanza e da corporación municipal de Poio en relación co proxecto de reforma da PO 308 entre A Fontela e Combarro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Comparte o Goberno galego a necesidade dunha reforma integral da travesía da PO 308 en Combarro para mellorar a seguranza viaria e a calidade urbana deste vial?

. Como valora o Goberno galego os problemas de mobilidade e sinistralidade que se dan nesta intersección e que medidas ten previsto adoptar para resolvelos?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:37:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/01/2022 14:37:46

Paulo Ríos Santomé na data 17/01/2022 14:37:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 17/01/2022 14:38:01





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a colaboración entre a Xunta e a Mancomunidad Serra do Barbanza para a mellora e impulso do sistema de xestión de residuos municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Mancomunidad de concellos Serra do Barbanza creouse en 1997 coa finalidade de prestar o servizo público de recollida e tratamento de residuos municipais. No ano 2001 adxudicouse á empresa FCC o contrato de construción do complexo de tratamento de residuos situado en Servia (Lousame), e no 2003 inauguráronse e comezaron a funcionar as instalacións, que prestan servizo a unha área de máis de 80.000 habitantes de 9 concellos: Lousame, Brión, Ames, Noia, Porto do Son, Muros, Rois, Carnota e Ponte Cesures.

No ano 2023 finaliza o contrato de xestión da planta de Lousame (recollida e tratamento de residuos), polo que por parte da Mancomunidad Serra do Barbanza se deben adoptar as decisións necesarias para darlle continuidade a un modelo que, malia ás dificultades para o seu desenvolvemento e ás eivas que presenta, constitúe unha alternativa viábel e alineada cos obxectivos establecidos no marco europeo, estatal e galego: principios de autosuficiencia e proximidade, recollida separada da fracción





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orgánica (biorresiduos), xerarquía de residuos, penalización de tratamentos finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro...

Cómpre ter en conta que a lexislación derivada da Directiva Marco de Residuos(2018) establece a obriga da recollida separada dos biorresiduos por parte dos concellos: no caso da nova lei galega esta obriga fíxase a partir do 31 de decembro de 2023, e no anteproxecto da lei de residuos estatal -en trámite parlamentario- un prazo anterior.

Desde os seus inicios, a Xunta de Galiza e SOGAMA tiveron unha actitude de falta de colaboración e mesmo hostilidade contra outros sistemas alternativos de tratamento dos residuos municipais, como é o da Mancomunidade Serra do Barbanza. Nestes momentos, semella que se está dando unha guerra soterrada e unha campaña de presión para botar abaixo o “sistema Lousame” co obxectivo de transformar o complexo actual nunha planta de transferencia integrada en SOGAMA. Dentro desta campaña de “acoso e derrubo” inclúese a difusión de mensaxes falsas sobre a suposta negativa da UE a subvencionar sistemas alternativos a SOGAMA. Estamos nun exemplo escandaloso de falsificación da realidade e do mundo ao revés, xa que é precisamente o sistema promovido pola Xunta o que non cumpre os requisitos establecidos pola UE ao non contemplar a recollida separada e tratamento da materia orgánica (biorresiduos). A realidade é que tanto Lousame como Nostián presentan valores moitos máis altos ca SOGAMA en materia de recuperación e reciclaxe. E que se Galiza incumpriu os obxectivos establecidos para 2020 foi precisamente polo fracaso do sistema imposto pola Xunta, que está baseado en solucións finalistas como a incineración e o vertedoiro.

Ademais do retroceso que suporía desde o punto de vista social e ambiental, o desmantelamento do sistema Lousame tería unhas graves consecuencias desde o punto de vista laboral, xa que se perderían arredor de 100 postos de traballo dos 160 con que





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conta actualmente o complexo. Isto suporía un duro golpe económico, xa que estamos a falar dun dos principais centros de traballo da contorna. E ademais tería unha especial incidencia negativa no emprego feminino, que é maioritario na planta de tratamento de Lousame.

Desde o BNG consideramos que a Xunta debe mudar a actitude de confrontación pola de cooperación coa outros sistemas como o de Lousame que, coas melloras necesarias, contribuirían ao cumprimento das novas esixencias da normativa de residuos. En lugar de atacar e socavar o proxecto da Mancomunidade Serra do Barbanza, o goberno galego deberían establecer liñas de colaboración e mesmo de apoio económico para garantir a súa continuidade, a súa viabilidade e a súa modernización.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Que valoración lle merece ao goberno galego o sistema de xestión dos residuos da Mancomunidade Serra do Barbanza?

. Como valora a Xunta os datos de recuperación e reciclaxe de Lousame, moi superiores aos de SOGAMA?

. A que se deben os ataques da Xunta a sistemas de tratamento de residuos alternativos a SOGAMA?

. Considera normal o goberno galego facer pública unha nota sobre as supostas intencións da UE de non subvencionar sistemas alternativos a SOGAMA?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Existe un plan do goberno galego para integrar a planta de Lousame en SOGAMA?

. Que valoración lle merece á Xunta a perda de postos de traballo, maioritariamente femininos, que suporía o desmantelamento do sistema de xestión de residuos de Lousame e a súa integración en SOGAMA?

. Ten previsto o goberno galego iniciar unha liña de cooperación e colaboración económica con sistemas de xestión de residuos alternativos a SOGAMA?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2022 14:39:19

Rosana Pérez Fernández na data 17/01/2022 14:39:26





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2022 14:39:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a necesidade de levar a cabo un Plan Industrial para a Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de que a comarca da Mariña precisa un Plan Industrial lévase manifestando desde hai xa décadas. Ano tras ano a industria desta comarca viu como ían desaparecendo empresas e postos de traballo, facendo que o peso industrial da Mariña e do noso país fose progresivamente a menos.

Todo este desmantelamento produciu un fartazgo que se mostrou claramente o pasado 17 de novembro na Folga Xeral da Mariña, onde toda a comarca dixo basta ás políticas dos gobernos da Xunta e do Estado que levaron a que día de hoxe a Mariña estea nun dos seus peores momentos económicos e industriais.

Alén disto, a situación tinguíuse dunha maior incerteza a finais do pasado mes de decembro cando o proceso de negociación de Alcoa collía un novo rumbo ao aprobarse a parada da cubas até o 2024, coa promesa dun rearranque e cuns traballadores e traballadoras abandonadas polos dous gobernos que decidiron democraticamente escoller esa opción ante a falta de solucións políticas. Neste contexto onde non se ten ningunha garantía dun final positivo, temos que sumar o peche





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

definitivo da empresa de aeroxeradores de Vestas en Viveiro, que levou á rúa a preto de cen persoas que se suman á longa lista de postos de traballo perdidos no eido industrial.

Polo tanto, e ante a unha nova situación aínda máis desoladora e negativa, cómpre que a Xunta promova un Plan de Industrialización para unha comarca que se xa o levaba precisando desde hai anos, a día de hoxe fáiselle vital.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Cal é a folla de ruta da Xunta de Galiza despois da Folga Xeral da Comarca da Mariña?

- Segue a Xunta de Galiza considerando innecesario un Plan de Industrialización e Emprego para a comarca da Mariña?

- Vai a Xunta de Galiza desenvolver novas políticas en materia de infraestruturas na comarca da Mariña?

- Cal vai ser a política industrial da Xunta de Galiza na comarca da Mariña despois da parada das cubas de Alcoa e do peche definitivo de Vestas?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/01/2022 17:24:08

Daniel Pérez López na data 17/01/2022 17:24:12

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2022 17:24:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a urxencia de reforzar a calidade asistencial sanitaria no CHUAC e na Atención Primaria da comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia provocada pola Covid-19 non fixo senón demostrar aínda máis a importancia de dispoñer dun sistema de saúde público, universal e gratuíto. Dende o inicio da pandemia, os traballadores e as traballadoras da sanidade pública recibiron o recoñecemento e a gratitude da cidadanía ao seu labor, desenvolvido en durísimas condicións. Este recoñecemento abría a esperanza de que tras o estado de alarma sanitaria o SERGAS impulsase medidas e reformas para mellorar e afortalar o noso sistema público de saúde, corrixindo as feblezas provocadas por anos de políticas de recortes, tal como demandaban as sociedades científicas e axentes sociais e sindicais. Porén, esa demanda non se está a cumprir.

Nas últimas semanas, o persoal de urxencias do Hospital Universitario da Coruña estase a manifestar reclamando que se reforce o cadro de persoal para facer fronte á saturación do servizo.

O persoal do servizo de urxencias denuncia a vulneración dos acordos relativos a ratios de traballo, falla de cobertura de ausencias, sobrecarga de profesionais e denegación dos permisos de xeito sistemático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación, produto, entre outras cousas, da insuficiencia de persoal, provoca que a ratio de persoas enfermeiras por doentes ao seu cargo sexa de 1 por 16, en contra das recomendacións da Organización Mundial da Saúde e entidades sociosanitarias que consideran que a ratio non debe exceder de 1 por 12.

O persoal de urxencias do CHUAC advirte que o alto grao de presión asistencial ao que se ven sometidos imposibilita a calidade e seguridade na atención ao paciente, froito dunha situación de saturación que provoca, entre outras cousas, a acumulación de doentes nos corredores.

Esta situación vén sumarse aos problemas que acumula a atención primaria na comarca da Coruña, mais que se acentúa por toda Galiza. Antes da pandemia da Covid-19, a Atención Primaria atravesaba unha profunda crise estrutural, con demoras e masificación da asistencia, como consecuencia dos recortes nos orzamentos aplicados polos Gobernos da Xunta de Galiza nos últimos anos. Na actualidade, os orzamentos na Atención Primaria apenas supoñen o 12% do orzamento sanitario total, polo que é evidente a necesidade de incrementalo.

A crise da pandemia por Covid-19 e a súa patoloxía significou a paralización da actividade asistencial tanto da atención primaria como da hospitalaria, por medo a que colapsasen os hospitais, o que determinou non só postergar a actividade asistencial preferente e crónica, senón tamén a cirúrxica non urxente, co incremento das demoras, quer en consultas quer en probas complementarias, así como as listaxes de espera cirúrxicas. Estímase que en Galiza paralizáronse ao redor de 3.000 intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas.

Ao mesmo tempo, a administración pechou os centros de saúde e/ou limitou o acceso aos mesmos, substituíndo a consulta presencial pola telefónica, e reduciu o aforo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das salas de espera obrigando os pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención.

Durante o estado da alarma sanitaria, a atención primaria demostrou a importancia de dispoñer dun nivel asistencial universal, gratuíto e de proximidade coa poboación. Nos meses máis duros do confinamento, a atención primaria identificou contaxios e contactos, realizou o seguimento das persoas infectadas nos seus domicilios, atendeu e resolveu o resto das patoloxías e as dúbidas e temores da cidadanía.

Porén, non se acometeron as reformas e melloras que esixía a situación e persiste a precariedade, engadida a unha atención baseada en primar consultas telefónicas sobre as presenciais e con restricións de acceso aos centros de saúde.

A implantación das consultas telefónicas de xeito xeneralizado non é comprendida pola cidadanía e orixina nela sentimentos de afastamento e desprotección do sistema sanitario público.

Restrinxir o acceso aos centros de saúde, formando longas filas diante do centro co argumento de “evitar contaxios”, non aborda o principal problema: falta de recursos e medios para dar unha axeitada cobertura asistencial á poboación. Ante esta situación, a plataforma SOS Sanidade Pública reclama que se implante de xeito inmediato nos centros de saúde un protocolo anticovid-19 que estableza circuitos seguros de mobilidade no seu interior e salas de espera adaptadas para cumprir coas actuais normas sanitarias e que se amplíe o cadro de profesionais e as quendas de atención para rematar coas inaceptábeis listaxes de espera.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- É consciente o goberno de que os hospitais que conforman o CHUAC teñen un déficit histórico de persoal respecto do “ratio” de profesional/paciente?

- Como explica o goberno que o Servizo de Urgencias do HUAC viva nunha saturación permanente?

- As unidades de críticos, o cadro de persoal do bloco cirúrxico, as unidades de hospitalización ou dos servizos centrais, sofren tamén unha situación de colapso permanente, desorganización e sobrecarga continuada. Que está a facer o goberno galego para remediar esta situación insostíbel?

- Considera o goberno da Xunta que se garante a atención de calidade e a dignidade de pacientes e profesionais ateigando os corredores do HUAC de doentes?

- A Xerencia comprometeuse coas unidades de críticos en achegar solucións, mais cales foron eses compromisos?

- Que medidas están a pór para remediar as graves deficiencias de calidade asistencial na comarca da Coruña, logo de sucesivas vagas dunha pandemia que xa dura dous anos?

- Como ten previsto o goberno reverter, de urxencia, en accións concretas de mellora da calidade das condicións de traballo os testemuños de agradecemento público ao colectivo sanitario?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como vai garantir a Xunta unha calidade asistencial pública e presencial para os galegos e galegas que ficou gravemente comprometida durante a pandemia como consecuencia dos recortes da última década do Partido Popular?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2022 18:15:06

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2022 18:15:09

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2022 18:15:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre ás medidas a tomar para evitar que a Atención Primaria chegue a un punto de non retorno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como clave de bóveda, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan. Puxo de relevo as consecuencias dos 11 anos recortes levados a cabo polo Partido Popular na Xunta.

Unha das consecuencias da pandemia son os danos colaterais á atención, ao tratamento de outras patoloxías, especialmente as crónicas. Tensionou ao máximo o sistema sanitario ao dirixir unha parte moi importante, dos xa escasos recursos existentes, dos esforzos, cara o control da pandemia. O sistema sanitario, as/os profesionais non son de goma, non se poden estirar indefinidamente, polo que se non se aumentan os recursos é imposíbel dar resposta ás necesidades sanitarias das galegas e galegos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é de recibo que un ano despois de iniciada a pandemia calquera patoloxía que non sexa COVID agarde semanas a ser atendida, non se pode seguir dificultando o acceso aos centros sanitarios, cunha porcentaxe de presencialidade que non chega ao 50%, segundo o propio Conselleiro de Sanidade, segue habendo demoras de semanas para conseguir unha cita, incluso telefónica, os doentes seguen facendo cola ás portas dos centros de saúde, en moitos casos á intemperie.

A responsábel da situación non é a poboación que “acude inxustificadamente aos centros de saúde”, nin d@s profesionais, senón que é consecuencia da política sanitaria do Partido Popular na Xunta, que leva anos con actuacións de acoso e derribo da sanidade pública en xeral, e da Atención Primaria en particular.

Estase producindo tamén unha falta de equidade manifesta, segundo a Área Sanitaria e o centro de saúde que lle corresponde ás persoas que precisan asistencia sanitaria, tanto para acceder aos centros, como na presencialidade da atención e o seguimento que se realiza d@s doentes. Como exemplo é a contestación enviada na Área Sanitaria da Coruña Cee á reclamación dun doente na que se explicita que cada centro ten instaladas unhas medidas organizativas, de protección individual e colectiva. Esta situación pon de manifesto a falta de protocolos unificados, de coordinación e de seguimento por parte do Sergas.

O malestar social e profesional é cada vez máis elevado, a Atención Primaria está a sufrir un profundo deterioro, que se non se actúa de inmediato, vai chegar a un punto de non retorno, que todo indica que é o obxectivo perseguido polos polo Partido Popular.

Mentres isto ocorre na sanidade pública, medra exponencialmente o recurso á sanidade privada, á contratación de seguros privados de saúde por parte da cidadanía,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non por vontade ou convencemento senón por esa falta de resposta e atención na sanidade pública.

O BNG ven denunciando desde fai anos a política de acoso e derribo que o Partido Popular está practicando coa Atención Primaria, a mingua dos orzamentos, a falta endémica de profesionais, a indecente precariedade laboral, a súa secundarización, a falta de capacidade de decisión...

A Xunta está desescalando a actividade económica, lúdica, social... polo que non hai ningunha xustificación para non facer o mesmo coa atención sanitaria, a empezar pola Atención Primaria.

É máis que evidente que non é posíbel atender unha situación excepcional como a actual durante máis dun ano, sen máis recursos, obrigando @s profesionais a traballar en primeira liña de defensa contra a Covid-19, facendo seguimento das miles de persoas que pasan a enfermidade nos seus domicilios, atendendo as patoloxías ordinarias, crónicas...con déficits de persoal e cada vez máis esgotad@s.

É urxente implementar unha estratexia para que a Atención Primaria dispoña dos profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permitan atender todas as demandas da poboación, unha atención sanitaria de calidade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Cando vai tomar medidas a Xunta de Galiza para dotar a Atención Primaria dos recursos, profesionais e capacidade de decisión con Xerencias propias, para poder prestar unha atención sanitaria de calidade as galegas e galegos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai realizar as accións precisas para que todas as persoas que o precisen poidan solicitar atención presencial en Atención Primaria?

. Por que non establece protocolos claros e unificados de aplicación en toda Atención Primaria, para o acceso aos centros de saúde e á atención presencial e telefónica?

. Cando vai garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responden ao aumento exponencial da demanda?

. Ten realizado unha avaliación da situación dos centros de saúde en canto á restricións de acceso, porcentaxe de atención presencial, telefónica e telemática, tempos de espera, volume da carga de traballo que está a supoñer para xs profesionais a atención ás persoas afectadas por COVID-19, profesionais que non son substituídos, prolongacións de xornada, intersubstitucións...?

. A que agarda para realizar un Plan de Ordenación de Recursos Humanos, e un sistema de identificación de prazas?

. Vai poñer en marcha un Plan de Mellora de Atención Primaria que remate cos 11 anos de deterioro e recortes e impida que chegue a un punto de non retorno?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2022 10:27:57

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2022 10:28:01

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 10:28:12



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O desmantelamento dos servizos de Atención Primaria no concello de Viveiro véñense padecendo e denunciando dende hai moitos anos. O centro de saúde e o PAC de Viveiro sofren dende hai moito tempo os 12 anos de recortes na sanidade por parte do goberno popular na Xunta de Galicia.

O centro de saúde de Viveiro, como tantos outros da provincia de Lugo e do resto de Galicia son o exemplo do ataque, que a Xunta de Galicia, fai cara á Atención Primaria, base do sistema asistencial para construír unha sanidade próxima e de calidade.

Como dicíamos a situación de saturación e colapso que está a vivir o centro de saúde de Viveiro non é nada novo, froito da COVID19, xa viña de vello, e eran e son habituais as queixas dos seus usuarios e usuarias.

Só poñer algúns exemplos da falla de médicos deste centro de saúde que demostran que se trata dun problema estrutural e non puntual:

- No verán do ano 2018, moitos dos pacientes da quenda de tarde quedaban sen atender por faltas de médicos neste centro de saúde, xa que dos tres médicos que traballan nesa quenda en moitas ocasións só había un. Ademais na quenda da mañá, sen cubrir todo o verán dúas prazas de médicos. O que amosa unha política irresponsable de non cubrir o persoal.
- A finais de 2019 os pacientes denunciaban que tardaban semanas en coñecer os resultados de probas e análíticas posto que, aínda que tiñan citas concertadas, non había médicos substitutos e as mesmas citas eran anuladas.
- Ao longo de 2021 foron numerosas as ocasións en que dos 7 médicos da quenda da mañá só había dous nesta quenda e outro para as urxencias. Ao longo do verán, na quenda de tarde, que conta con tres médicos, houbo días en que non había ningún persoal facultativo.



Esta é a política do señor Feijóo para coa atención primaria; non cubrir baixas, nin vacacións, nin excedencias, nin xubilacións. Dende hai moitos anos dende o Concello de Viveiro, os profesionais sanitarios e os usuarios deste centro de saúde levan denunciando a falta de medios humanos e materiais e pedindo que se cubran estas baixas e se poñan os medios suficientes para ter unha atención primaria de calidade que así o merecen os pacientes, pero tamén para ter unhas condicións dignas para os seus profesionais xa que en moitos momentos teñen que atender unha media diaria de 90 a 100 pacientes.

Agora, en plena sexta ola da covid-19, este centro atópase nunha situación caótica. Na semana pasada chegaron a faltar 3 dos 7 médicos da quenda da mañá, o que implicou entre outros problemas, a que se chegasen a aprazar moitísimas citas e que como denunciou algún paciente en prensa “ O problema máis gordo é que non te avisan, sábelo cando chegas ao centro de saúde despois de desprazarte”. Ademais os usuarios están tardando ata 16 días para conseguir citas médicas.

E o caso chegou ata un punto tan caótico que durante varios días este centro de saúde chegou a contar só cun único médico, para atender a case 16.000 veciños e veciñas.

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación puido revestir maior gravidade se o desprendemento se tivese producido en xornada laborábel e resulta só o feito máis lamentábel dentro dun estado xeneralizado de abandono e mal funcionamento dos centros de saúde en todo o distrito sanitario.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Como valoran desde a Xunta os danos producidos na fin de semana do 18 e 19 de setembro no Centro de Saúde de Vilamartín de Valdeorras e as consecuencias que puido ter para a integridade física dos profesionais e usuarios do centro no caso de terse producido en día laborábel?

. Pode garantir a Xunta o bo estado dos centros de saúde do distrito de Valdeorras?

. Teñen previsto realizar un informe detallado sobre a seguridade estrutural dos centros de saúde do distrito valdeorrés?

. Teñen realizado actuacións de compensación económica ao usuarios de Vilamartín de Valdeorras que na xornada do luns 20 de setembro tiveron que desprazarse até o PAC do Barco de Valdeorras polo peche imprevisto do seu Centro de Saúde?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 18/01/2022 13:23:31

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 13:23:40

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2022 13:23:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para reactivar as terapias destinadas ás crianzas con parálise cerebral do centro San Rafael de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o anuncio do Estado de Alarma vai ano e medio, foron moitos os sectores afectados polo efecto do confinamento e as medidas especiais adoptadas ante a grave crise sanitaria que vivimos.

Desgrazadamente, foron os sectores máis vulnerábeis da nosa sociedade, os que peor viviron esta situación e aínda continúan a vivila. Alén das medidas improvisadas e insuficientes levadas a cabo pola Xunta de Galiza e o goberno do estado, existen sectores tremendamente golpeados por este novo contexto e que viven no total abandono e esquecemento por parte das institucións.

Este é o caso de moitas crianzas da comarca do Morrazo e as súas familias. Dende a proclamación do Estado de Alarma até hoxe mesmo, as crianzas con parálise cerebral, que teñen como centro de referencia o San Rafael de Vigo, contratado polo SERGAS, non retomaron as diferentes terapias que precisan para combater as súas doenzas e poder contar cunha mellor calidade de vida.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As terapias de atención temperá, aínda que insuficientes na súa duración, son unha ferramenta indispensable para o desenvolvemento destas crianzas, e esta situación de interrupción xera unha situación de retroceso nas capacidades das crianzas afectadas, polo que en moitos casos é necesario que as familias acudan a servizos privados ante a inacción e o silencio administrativo da Xunta de Galiza e do SERGAS.

As familias afectadas nas vilas de Moaña e Cangas, veñen de mobilizarse ante a falta de resposta por parte da administración, cunha situación desesperada ao experimentar o deterioro da saúde e da calidade de vida das súas crianzas. Alén da reactivación e ampliación do servizo de terapias é preciso ampliar a idade de cobertura destas terapias, xa que na actualidade, a cobertura do SERGAS só chega até os 14 anos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- . Que medidas está a adoptar o Sergas para reactivar o servizo de terapias de atención temperá no centro San Rafael de Vigo?
- . Estase traballando nun protocolo sanitario que permita retomar este servizo?
- . Cre suficiente, a Xunta de Galiza, a cantidade e duración das terapias de atención temperá que se desenvolven na actualidade?
- . Por que non se valora achegar o servizo ás familias e utilizar centros equipados e dispoñíbeis, de xestión pública dentro da comarca?
- . Por que non reciben, as crianzas de 14 anos en diante, a atención necesaria para non retroceder no conseguido polas terapias?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado de deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 18/01/2022 13:25:07

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 13:25:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a deficiente atención sanitaria na comarca de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os 12 anos de goberno de Feijóo teñen a atención sanitaria en xeral, e en particular na comarca de Ferrol, nunha situación crítica.

Os recortes deste servizo público esencial fanse cada vez máis evidentes para prexuízo das persoas doentes e usuarias da comarca, tanto por activa a través de actuacións como peche de centros ou o impulso da atención telefónica, como por pasiva, pola ausencia dunha planificación que atenda a dotación de novas e urxentes infraestruturas, ou a cobertura das prazas necesarias para prestar o servizo correctamente sen abusar da saúde dos propios profesionais, feito este que acada cotas especialmente graves na atención primaria así como en certas especialidades.

A falta de dotacións concrétese entre outras cousas en que na área sanitaria de Ferrol exista un déficit estrutural de camas aínda sen resolver, que provoca, por exemplo, que con certa reiteración persoas doentes teñan que pasar en urxencias máis tempo do debido por falta de capacidade hospitalaria para realizar o ingreso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E a falta de cobertura de prazas ven provocando, tamén reiteradamente, queixas e mobilizacións veciñais en diferentes lugares, como Ferrol Vello, Mugardos, Pontedeume, Cabanas ou Monfero.

Mais é a título individual, nas reclamacións e denuncias públicas realizadas por particulares, que a gravidade dos prexuízos de estes 12 anos de recortes aparecen con toda crueza, e a saturación das infraestruturas, a saturación dos servizos, e a saturación das persoas profesionais que os prestan, como principal causa, directa ou indirecta, de estes prexuízos.

De feito, vimos recentemente como varios casos gañaron notoriedade pública na comarca de Ferrol, por causa da desesperación das propias persoas doentes ou dos seus familiares máis próximos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Coñece a Xunta de Galiza a situación do concello de Monfero tocante ás carencias sanitarias? Coñece as repercusións do peche dos consultorios? Que medidas ten previstas para dotar do persoal necesario ás instalacións do centro de saúde de Monfero e normalizar así a atención sanitaria da veciñanza?

. Coñece a Xunta de Galiza a situación do Centro de saúde de Pontedeume? Que ten pensado facer respecto da cobertura do médico de tarde? E respecto da atención pediátrica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coñece a Xunta de Galiza a situación do Centro de saúde de Mugardos? Que ten pensado facer respecto da cobertura das vacantes existentes? E respecto da atención pediátrica?

. Como valora a Xunta de Galiza a prestación da asistencia telefónica nestes centros? Como valora a Xunta de Galiza que esa asistencia telefónica se realice por persoal sanitario que debido á súa eventualidade non coñece ás persoas doentes? Non é fundamental para unha correcta prestación da asistencia telefónica un bo coñecemento das persoas doentes por parte de quen presta a asistencia?

. Como valora a Xunta de Galiza que as persoas usuarias teñan que acudir a consultas privadas para evitarse as demoras ou conseguir unha atención presencial?

. Como valora a Xunta de Galiza que repercuten a día de hoxe as infraestruturas dos centros de saúde da comarca de Ferrol para recuperar esa asistencia presencial? Como valora a Xunta de Galiza as condicións do Centro de saúde Fontenla Maristany?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 13:30:05

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2022 13:30:09

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2022 13:30:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as demoras na derivacións de doentes da área sanitaria de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os 12 anos de goberno de Feijóo teñen a atención sanitaria en xeral, e en particular na comarca de Ferrol, nunha situación crítica.

Os recortes deste servizo público esencial fanse cada vez máis evidentes para prexuízo das persoas doentes e usuarias da comarca, tanto por activa a través de actuacións como peche de centros ou o impulso da atención telefónica, como por pasiva, pola ausencia dunha planificación que atenda a dotación de novas e urxentes infraestruturas, ou a cobertura das prazas necesarias para prestar o servizo correctamente sen abusar da saúde dos propios profesionais, feito este que acada cotas especialmente graves na atención primaria así como en certas especialidades.

A falta de dotacións concrétase entre outras cousas en que na área sanitaria de Ferrol exista un déficit estrutural de camas aínda sen resolver, que provoca, por exemplo, que con certa reiteración persoas doentes teñan que pasar en urxencias máis tempo do debido por falta de capacidade hospitalaria para realizar o ingreso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E a falta de cobertura de prazas ven provocando, tamén reiteradamente, queixas e mobilizacións veciñais en diferentes lugares, como Ferrol Vello, Mugardos, Pontedeume, Cabanas ou Monfero.

Mais é a título individual, nas reclamacións e denuncias públicas realizadas por particulares, que a gravidade dos prexuízos de estes 12 anos de recortes aparecen con toda crueza, e a saturación das infraestruturas, a saturación dos servizos, e a saturación das persoas profesionais que os prestan, como principal causa, directa ou indirecta, de estes prexuízos.

De feito, vimos recentemente como varios casos gañaron notoriedade pública na comarca de Ferrol, por causa da desesperación das propias persoas doentes ou dos seus familiares máis próximos.

Entre estes, o caso dun doente con máis de 100 días de hospitalización en Ferrol con unha diagnose de pancreatite aguda con necrose, e un traslado aprobado cara a área de Santiago desde o día 23 de setembro para realizar unha intervención, sen que a día de hoxe a familia teña noticias de cando se producirá ese traslado mentres ven como cada día que pasa o seu familiar se debilita, o que complica a intervención pola que está a agardar.

Ou o de outro doente, diabético, hipertenso e con sobre peso, ao que lle realizaron unha Angio-tc o día 26 de agosto, con resultado de estenose crítica pre-oclusiva, con risco de obstrución total de la carótida, segundo informa a neuróloga. Veñen de comunicarlles que teñen cita no hospital da Coruña para unha “consulta” o día 14 de outubro. Mentres tanto está de alta na casa desde o día 29 de setembro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Como valora a Xunta de Galiza o nivel de derivación de doentes á sanidade privada na comarca de Ferrol? Aumenta respecto de anos anteriores? En que casos? Que circunstancias deben darse? Hai prazos?

. Como valora a Xunta de Galiza as derivacións intra-hospitalarias de doentes da área sanitaria de Ferrol? Aumentan respecto de anos anteriores?

. Como valora a Xunta de Galiza os prazos nos que se realizan estas derivacións?

. Como valora a Xunta de Galiza que se demore unha derivación por estar saturado o hospital de destino?

. Como valora a Xunta de Galiza que profesionais que presten servizo en planta recomenden ás persoas doentes ir por urxencias?

. Como valora a Xunta de Galiza que haxa doentes máis de 24h en urxencias por falta de capacidade hospitalaria para realizar o ingreso?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2022 13:31:46

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 13:31:50

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2022 13:31:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as consecuencias da constatación polos servizos de inspección da Xunta de Galiza de vulneración de dereitos fundamentais en residencias de maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após superar as negativas iniciais unha deputada e deputado do GP do Bloque Nacionalista Galego en cumprimento das responsabilidades que lle confire o sistema constitucional e normativo actualmente vixente, tiveron aceso aos expedientes relativos ás inspeccións de servizos sociais realizadas nos últimos anos en diferentes residencias de maiores de Galiza.

O obxectivo non era tanto practicar unha auditoría sobre a totalidade dos centros residenciais, públicos e privados, de Galiza, como comprobar, vía mostraxe, a periodicidade, resultado e efectos das inspeccións e comprobacións que realizou a Xunta de Galiza sobre o cumprimento da normativa que atinxe ao coidado das usuarias e dos contratos asinados coa Xunta de Galiza, de grande importancia tanto polo obxecto dos mesmos, como polos recursos públicos que se destinan.

O máis elocuente da documentación examinada é a inexistencia dunha frecuente inspección e control das residencias de maiores, p.ex. unha única visita inspectora en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tres anos a unha das residencias de maiores de máis elevada capacidade e adxudicataria dun contrato público de grande importancia cuantitativa.

Igualmente importante son as escasas consecuencias que, nalgún caso, teñen as actas de inspección levantadas, sen que conste no expediente as accións emprendidas tras o advertido polo, infradotado, servizo de inspección. Así, na acta 38/2019 constátase pola autoridade actuante que:

- A residencia excede da ocupación máxima, isto é, que o número de residentes no centro é superior ao máximo autorizado.

- O cadro de persoal era inferior ao rateo legal, e mesmo contractualmente, exixido ou comprometido.

- Apréciase que a 6 persoas se lle estaban a aplicar medidas de suxeición sen prescripción facultativa, nin consentimento previo da persoa e/ou da súa representación legal.

A pesares da gravidade dos feitos constatados, que nalgún dos casos atinxe á liberdade e dignidade das persoas, podendo mesmo ser constitutivos de infracción penal; non consta á súa comunicación ao Ministerio Fiscal, nin tan sequera a incoación pola Xunta de Galiza de procedemento administrativo para determinar as consecuencias contractuais de tan relevantes incumprimentos.

Antes ao contrario, tras detectar as circunstancias descritas a primeira actuación da Xunta de Galiza é a adxudicación á entidade “responsable” da residencia un novo contrato para que continúe na xestión do centro nos seguintes anos.

Malia incorrer no que para moitas poden (deben) ser obviedades cumpre lembrar que “as suxeicións atentan contra os dereitos fundamentais, xa que privan da liberdade,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

así como contra principios e valores como a dignidade e autoestima” (Sociedade Española de Xeriatria e Xerontoloxía).

Xa que logo, detectándose a aplicación de medidas de suxeición cando menos a 6 PERSOAS residentes no centro de maiores, resulta intolerable que tales constatacións non se puxeran inmediatamente en coñecemento do Ministerio Fiscal, ao fin de que puidera instruír as dilixencias informativas que considere, tanto para a persecución dunha eventual infracción penal, como para adoptar as medidas de protección oportunas para garantir a integridade física e moral das PERSOAS.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Considera a Xunta de Galiza que as medidas de suxeición mecánica atinxen a liberdade das persoas e aos seus dereitos fundamentais?

. Entende a Xunta de Galiza que a aplicación de medidas de suxeición mecánica sen prescrición médica, nin consentimento da PERSOA ten que ser comunicada ao Ministerio Fiscal?

. Considera que o incumprimento do rateo de persoal de atención directa contractualmente pactado pode afectar a calidade da prestación do servizo?

. Iniciou a Xunta de Galiza algún procedemento para determinar o alcance que, no cumprimento de contratos administrativos, puidera ter non dispor do persoal de atención directa acordado, non subministrar a alimentación prescrita ou exceder da capacidade máxima permitida?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende a Xunta de Galiza que unha inspección en tres anos permite o control da atención que reciben as persoas residentes en centros de maiores?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/01/2022 13:35:06

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2022 13:35:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para recuperar o servizo de urxencias na Casa do Mar de Moaña, así como tamén restituír a atención médica presencial incrementando o persoal para reducir os tempos de agarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década, coa excusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións legislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos desta ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, de centros de profesionais, de camas hospitalarias, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, as consecuencias foron tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que nestes momentos nos que se ten por practicamente superada a pandemia, a Casa do Mar de Moaña continúe sen urxencias e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á mesma, ademais de soportar atrasos moi importantes nas citas da atención primaria.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o trasvase de doentes cara ás redes privadas. Como pobo comprometido coa defensa dos servizos públicos, non podemos permitir que se destrúa un ben tan prezado como é a nosa Sanidade Pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a restitución do servizo de urxencias en Moaña?

. Por que, unha vez superados os momentos máis duros da pandemia da COVID-19, non se devolve a Moaña o servizo de urxencias?

. A Xunta de Galiza é consciente dos problemas derivados da eliminación do servizo de urxencias en Moaña e o seu traslado ao Centro de Saúde de Cangas?

. Vaise restablecer a atención presencial e atallar o problema que supón o incremento das listas de agarda contratando máis persoal para a atención primaria?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 18/01/2022 13:36:47

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2022 13:36:53

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 13:37:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema sanitario público galego está a sufrir unha situación crítica, un grave deterioro das condicións de traballo e da atención sanitaria á poboación que ten a súa causa na política de recortes e privatizacións despregada polo goberno da Xunta ao longo de 12 anos. Esta situación que xa era preocupante a comezos de 2020, viuse fortemente agravada como consecuencia da COVID 19, que fixo máis evidentes as deficiencias e carencias do SERGAS. E aínda así, se o sistema non chegou ao colapso foi grazas á entrega e dedicación do persoal -sanitario e non sanitario- do servizo galego de saúde. Todo isto con elevados custos e secuelas para uns cadros de persoal exhaustos polas condicións laborais abusivas, pola carencia de medios e pola non cobertura de baixas, vacacións e vacantes.

O estado de malestar social e nos profesionais é evidente, como se pon de manifesto nas mobilizacións que se están levando a cabo en todo o territorio galego, con grande incidencia na provincia de Pontevedra. A grande manifestación do pasado domingo 14 de novembro foi unha expresión clara e rotunda do rexeitamento á política sanitaria da Xunta, de defensa do sistema público de saúde, e de esixencia de solucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A mostra máis evidente da situación que estamos a describir é o deterioro da atención primaria e das condicións de traballo e asistencias nos centros de saúde e nos PAC. O empeoramento da atención nestes centros ten consecuencias evidentes nas persoas que traballan neles e nas pacientes, que teñen cada vez máis dificultades de acceso ao sistema e que se vén sometidas a prazos de unha e até dúas semanas para ser atendidas.

Unha das derivadas desta situación é a saturación e masificación das urxencias hospitalarias, porque diante da falta de atención ou retraso desta nos centros de saúde moitas persoas optan por ir directamente aos servizos de urxencias.

Un bo exemplo disto é o que está a ocorrer en Pontevedra nas urxencias hospitalarias en Montecelo e no Provincial, tal e como veñen de poñer de manifesto o persoal facultativo destes servizos nunha carta aberta dirixida ao conselleiro de Sanidade, ao xerente do SERGAS e ao xerente da área sanitaria Pontevedra-O Salnés.

Neste escrito o cadro de persoal médico lanzou un auténtico SOS en relación coa situación que sofre todo o persoal (facultativo, enfermaría, auxiliar, administrativo, celadores), poñendo de relevo as seguintes cuestións:

- Repercusión no servizo de urxencias da crise en atención primaria: numerosas pacientes ao non seren atendidas nos centros de saúde acoden ao servizo de urxencias con demandas non urxentes, mais tampouco con demoras de 15 días como ocorre nalgúns centros de saúde.

- Falta de persoal facultativo, desgaste emocional e sobrecarga de traballo.

- Contratos deficitarios, sen estabilidade a longo prazo e con ausencia de reforzos de persoal cando é necesario.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Incremento de pacientes desde o comezo do verán, e dificultades de xestión da afluencia pola aplicación das medidas de seguridade anticovid.

-Problemas de espazo e de sobre aforo, tanto de familiares como de pacientes.

-Maltrato por parte da administración e falta de solución ás súas demandas.

-Demanda de contratación do persoal facultativo necesario para cubrir catro baixas por enfermidade no Hospital Montecelo e unha praza no Hospital Provincial descuberta desde fai dous meses.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para atender as demandas do persoal de urxencias dos hospitais de Montecelo e Provincial en Pontevedra?

. Considera a Xunta que se está a prestar unha boa atención nas urxencias hospitalarias do Provincial e Montecelo?

. Como valora a Xunta que o persoal facultativo fale de maltrato e falta de atención ás súas demandas?

. Como valora o goberno galego que a denuncia de contratos deficitarios, sen estabilidade a longo prazo e con ausencia de reforzos de persoal cando é necesario?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 13:47:24

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2022 13:47:30

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/01/2022 13:47:38

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2022 13:47:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, instando ao Goberno galego a tomar medidas para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións legislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos desta ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, de centros de profesionais, de camas hospitalarias, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, as consecuencias foron tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que nestes momentos nos que se ten por practicamente superada a pandemia, a Casa do Mar de Moaña continúe sen urxencias e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á mesma, ademais de soportar atrasos moi importantes nas citas da atención primaria.

Por se isto non fose pouco, asistimos a un novo ataque cara a sanidade pública na vila de Moaña, despois de que a Casa do Mar ficara sen dúas médicas en horario de tarde por mor duns traslados notificados ao SERGAS, sen que dende a administración se fixesen as xestións oportunas para repoñer esas prazas en tempo e forma.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o trasvase de doentes cara ás redes privadas. Como pobo comprometido coa defensa dos servizos públicos, non podemos permitir que se destrúa un ben tan prezado como é a nosa Sanidade Pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a restitución do servizo de urxencias en Moaña?

. Por que, unha vez superados os momentos máis duros da pandemia da COVID-19, non se devolve a Moaña o servizo de urxencias?

. A Xunta de Galiza é consciente dos problemas derivados da eliminación do servizo de urxencias en Moaña e o seu traslado ao Centro de Saúde de Cangas?

. Vaise restablecer a atención presencial e atallar o problema que supón o incremento das listas de agarda contratando máis persoal para a atención primaria?

. En que prazos se vai repoñer o persoal médico após consumarse o traslado do persoal anterior?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado de deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 18/01/2022 13:49:12

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2022 13:49:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a nova interrupción do subministro auga potable no concello de A Merca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de A Merca vén de comunicar á veciñanza unha nova interrupción no subministro de auga potable nas parroquias e pobos do concello. A autoridade local xustifica a necesidade do corte no subministro de auga potable no “resultado das actuacións de vixilancia sanitaria e control da calidade da auga de consumo de abastecemento” que provocan a necesidade de proceder á limpeza dos depósitos e redes de condución de auga.

A interrupción do subministro dun servizo tan esencial e básico para a vida diaria provoca unha lóxica inqueda e preocupación na poboación do concello que ve como aínda fica pendente de solución o problema de abastecemento domiciliar de auga.

Hai aproximadamente un ano unha parte importante da veciñanza de A Merca viu interrompido durante meses o abastecemento de auga domiciliar, por non reunir a auga as condicións sanitarias mínimas. Malia o corte do subministro de auga potable e os graves problemas que implica, tanto o Concello como a Xunta seguían a exixir -e cobrar- os tributos devengados pola presentación dun servizo que non recibían. As condicións sanitarias nas que se prestaba o servizo de abastecemento deu lugar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intervención do SEPRONA, que supostamente instruíu dilixencias remitidas á Xunta de Galiza e reiteradamente demandadas, a instancias do Grupo Parlamentar do BNG, polo Parlamento de Galiza, sen que ate o día hoxe se atenderá tal requirimento.

Á falla de transparencia e información das administracións local e autonómica, e ao abuso do cobro dun servizo que non se prestan, vense a unir a nova interrupción do subministro que evidencia a falla de solución do problema e a incerteza sobre a calidade das augas que, como potábeis, se estiveron a consumir pola veciñanza de A Merca.

Dende o BNG agardamos que xunto coas aclaracións e explicacións pertinentes para a tranquilidade da poboación e a resolución de vez dos problemas sobre a subministración domiciliar de auga potable no concello, se adopten as medidas para evitar que se pasen ao cobro tributos pola prestación dun servizo que nin se prestou, nin se desfrutou.

A este respecto simplemente lembrar que o canón da auga é un tributo autonómica que grava o uso e consumo de auga, polo que, dado que a poboación de A Merca, está novamente privada de tal uso e consumo, resulta evidentemente improcedente o cobro de tal tributo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten constancia e coñecemento a Xunta de Galiza as condicións nas que se esta prestando o servizo de abastecemento de auga potable no concello de A Merca, en concreto, calidade das augas que recibía a veciñanza nos seus domicilios?

Realizou a Xunta de Galiza algunha actuación de vixilancia sanitaria e de control de calidade da auga de abastecemento domiciliar no concello de A Merca?

Con que resultado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que é exixible o pagamento de tributos polo uso e consumo de auga potable domiciliaria cando a cidadanía está privada deste servizo?

Que intervencións realizou a Xunta de Galiza nos anos 2020 e 2021 para mellorar ou normalizar o abastecemento domicilio de auga potable no concello de A Merca?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/01/2022 15:58:45

Alexandra Fernández Gómez na data 18/01/2022 15:58:56

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2022 15:59:05

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2022 15:59:14



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

A normativa básica de réxime local, outorga aos concellos a competencia exclusiva en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais.

Pese a iso, a Xunta de Galicia vén prestando unha importante axuda aos municipios na prestación destes servizos que lles son propios, tanto desde o punto de vista técnico como económico.

Para afondar neste obxectivo, o Goberno galego está a promover un novo marco normativo: a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, para garantir a calidade dos servizos, a eficiencia da explotación das infraestruturas e a viabilidade económica dos sistemas.

A finais do pasado mes de xullo, a Xunta iniciou a tramitación oficial deste anteproxecto de lei e nos últimos meses veu traballando na nova norma.

Someteu o texto do anteproxecto á participación pública, para que todos os interesados que así o considerasen puidesen trasladar as súas achegas. Unha vez superada a fase de participación pública, a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga segue a avanzar na súa tramitación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Como está a avanzar a tramitación do anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga que está a impulsar a Xunta para incrementar o apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro 2022.



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 18/01/2022 16:26:16

Carmen María Pomar Tojo na data 18/01/2022 16:26:30

Ramón Carballo Páez na data 18/01/2022 16:26:40

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2022 16:26:55

María Sol Díaz Mouteira na data 18/01/2022 16:27:07

Freire Vázquez, María Begoña na data 18/01/2022 16:27:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/01/2022 16:27:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a adquisición dunha parcela no concello de Ourense para a construción do edificio no que unificar as dependencias da Xunta de Galiza na cidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

